

# IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

## PROGRAMACIÓN D I D Á C T I C A

DA MATERIA DE:

### Economía

DEPARTAMENTO	NIVEL	CURSO
--------------	-------	-------

Economía

BACHARELATO

1º

Curso 2019- 2020

Abel Alonso Álvarez

Xefe do Departamento de Economía

# Índice:

1. Secuenciación e temporalización .....	3
2. Concreción dos estándares de aprendizaxe: criterios de avaliación, grao mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación .....	8
3. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado .....	15
4. Seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes .....	18
5. Información ao alumnado e ás familias .....	20

## 1. Secuenciación e temporalización

Os sete bloques de contidos do currículo, divídense en 12 unidades didácticas. Na secuenciación tívose en conta a complexidade crecente da materia, pois os fundamentos da teoría económica aséntanse de forma paulatina e crear unidades homoxéneas.

<i>Primeira Avaliación</i>					
Obxectivos	Estándares aprendizaxe	Bloque de contidos	Unidades didácticas: contidos	Relación co libro de texto	Sesións
i, l	▪ ECB1.1.1.	<b>Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica</b> B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	<b>1. A Economía como ciencia</b> O problema central da economía: conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas. A escaseza e a necesidade de elixir. Concepto de necesidade humana e tipos. Os bens e a súa clasificación.	Tema 1	10
i, l	▪ ECB1.3.1. ▪ ECB1.3.2.	B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.	A actividade económica. Definición de Economía. Pensar como economista: principios na toma de decisións económicas. Custos irrecuperables e marxinais. Custo de oportunidade. A metodoloxía na Economía e os modelos económicos. O modelo económico da fronteira de posibilidades de produción. Produción potencial e eficiencia. As ramas da Economía. A macroeconomía e a microeconomía. Economía normativa e positiva. Información económica: interpretación de datos e gráficos.		
a, h, i, l	▪ ECB1.2.1. ▪ ECB1.2.2. ▪ ECB1.2.3.	B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.	<b>2. A actividade económica e a súa organización</b> Factores de produción. Mecanismos de asignación: costume, autoridade e mercado. Os sistemas económicos. As cuestións básicas: que, como e para quen producir. O sistema de economía de mercado. Fundamentos, vantaxes e inconvenientes. O sistema de planificación central. Logros e inconvenientes. Os sistemas de economía mixta. Aproximación ao pensamento económico: liberalismo, marxismo e keynesianismo. Os axentes económicos e as súas funcións e obxectivos. Relacións entre os axentes económicos: o fluxo circular da renda.	Tema 2	10

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

*Primeira Avaliación*

Obxectivos	Estándares aprendizaxe	Bloque de contidos	Unidades didácticas: contidos	Relación co libro de texto	Sesións
i, l, m, p	▪ ECB2.1.1.	<b>Bloque 2. A actividade produtiva</b> B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.	<b>3 A empresa e o proceso de produción</b> O proceso de produción e os factores de produción. A división técnica do traballo, especialización e interdependencia. A empresa como instrumento de coordinación da produción. Eficacia, eficiencia e efectividade. Eficiencia técnica e eficiencia económica. A función de produción a curto prazo. A lei dos rendementos decrecentes. A función de produción a longo prazo. Os rendementos a escala. A produtividade e os seus determinantes. Os custos de produción. Custos fixos, variables e medios. Cálculo dos beneficios. Concepto de punto morto. Empresa: obxectivos e funcións. Tipos de empresa segundo distintos criterios.	Tema 3	12
i, l	▪ ECB2.2.1. ▪ ECB2.2.2.	B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.			
a, h, i, l, m	▪ ECB2.3.1.	B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción.			
a, h, i, m	▪ ECB2.4.1. ▪ ECB2.4.2.	B2.4. Empresa: obxectivos e funcións.			
i, l, m	▪ ECB2.5.1.	B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.			
i, l, m	▪ ECB2.6.1. ▪ ECB2.6.2.	B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.			
i, l, m	▪ ECB2.7.1.	B2.8. Función de produción.			
i, l, m	▪ ECB3.1.1. ▪ ECB3.1.2. ▪ ECB3.1.3.	<b>Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos</b> B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda. B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. B3.3. Equilibrio do mercado.			

**Segunda Avaliación**

Obxectivos	Estándares aprendizaxe	Bloque de contidos	Unidades didácticas: contidos	Relación co libro de texto	Sesións
a, h, i, l, m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.2.1.</li> <li>▪ ECB3.2.2.</li> <li>▪ ECB3.2.3.</li> </ul>	<p>B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia.</p> <p>B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.</p>	<p><b>5. Os modelos de mercado</b> Estructuras de mercado ou modelos de mercado. Mercado de competencia perfecta: características e comportamento. Imperfeccións dos mercados. A competencia monopolística: características e comportamento. O oligopolio: características e comportamento. A teoría dos xogos. O monopolio: causas de aparición, características e comportamento.</p>	Tema 5	8
a, h, i, l, m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.3.1.</li> <li>▪ ECB4.3.2.</li> <li>▪ ECB4.3.3.</li> </ul>	B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	<p><b>6. Indicadores de emprego e prezos. O mercado de traballo</b> A poboación como recurso produtivo. Grupos de poboación en función do seu acceso ao mercado de traballo poboación activa, inactiva, ocupada e en paro. Medición do desemprego. Taxas. Causas e tipos de desemprego. As políticas de emprego e as súas consecuencias. Evolución do mercado de traballo. A inflación e os seus tipos. Causas (teorías) e consecuencias da inflación. A medición da inflación. O Índice de Prezos ao Consumo. Taxas de inflación. IPC Harmonizado. Inflación subxacente. Variables reais e nominais.</p>	Tema 8	12
a, g, h, i, l, p	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.4.1.</li> </ul>	B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.			
a, d, h, i, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.2.1.</li> </ul>	B5.3. Teorías explicativas da inflación.			
g, h, i, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.1.1.</li> <li>▪ ECB4.1.2.</li> <li>▪ ECB4.1.3.</li> </ul>	<p>B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.</p> <p>B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.</p> <p>B4.3. Inflación e tipos de xuro.</p> <p>B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.</p>	<p><b>7 Indicadores macroeconómicos e equilibrio macroeconómico</b> Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto O PIB e a súa medición. O valor engadido. Magnitudes derivadas do PIB. A renda nacional, a renda persoal dispoñible e a renda per capita. Compoñentes da riqueza. A distribución funcional, espacial e persoal da renda. Críticas ao PIB como indicador económico e indicadores alternativos. O IDH.. Equilibrio macroeconómico: oferta e a demanda agregadas e os seus efectos sobre o equilibrio. Inflación e tipos de xuro. Demanda agregada ou gasto nacional: Consumo privado, os factores que o determinan e os indicadores da súa evolución. O aforro e os factores que o determinan. O investimento e os seus tipos. O efecto multiplicador. Os problemas macroeconómicos.</p>	Tema 7 Tema 9	16
g, i, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.2.1.</li> <li>▪ ECB4.2.2.</li> <li>▪ ECB4.2.3.</li> </ul>	B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.			

*Terceira Avaliación*

Obxectivos	Estándares aprendizaxe	Bloque de contidos	Unidades didácticas: contidos	Relación co libro de texto	Sesións
a, b, c, i, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB7.1.1.</li> <li>▪ ECB7.1.2.</li> <li>▪ ECB7.1.3.</li> <li>▪ ECB7.1.4.</li> <li>▪ ECB7.1.5.</li> <li>▪ ECB7.1.6.</li> <li>▪ ECB7.1.7.</li> <li>▪ ECB7.1.8.</li> </ul>	<p><b>Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía</b></p> <p>B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.</p> <p>B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso.</p> <p>B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución.</p>	<p><b>8. Fallos de mercado e intervención do estado na economía</b></p> <p>Fallos do mercado: ciclos económicos, externalidades, bens públicos, falta de competencia e equidade. Intervención do sector público.</p> <p>Os compoñentes do sector público español. Estrutura do sector público galego. Funcións do sector público na economía. Políticas económicas. Tipos en función do prazo: conxunturais e estruturais. Micro e macroeconómicas. Políticas sectoriais.</p> <p>O Estado de benestar: beneficiarios e claves de futuro.</p> <p>As relacións entre crecemento, desenvolvemento económico e desenvolvemento humano. Características do subdesenvolvemento. Teorías que describen as súas causas.</p> <p>Crecemento sostible e medioambiente. Os límites do crecemento: a degradación do medio. O problema da reciclaxe, a reutilización dos recursos. O custo da eliminación dos residuos.</p>	Tema 6 Tema 10	8
a, c, i, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB7.2.1.</li> <li>▪ ECB7.2.2.</li> <li>▪ ECB7.2.3.</li> </ul>	<p>B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos.</p> <p>B7.6. O Estado na economía: funcións.</p> <p>B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.</p> <p>B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades.</p>	<p><b>9. Política fiscal e orzamentos públicos</b></p> <p>O orzamento público. Fases dos Orzamento Xerais do Estado.</p> <p>Os gastos públicos: criterios de clasificación e principais tipos de gasto. A evolución do gasto público e as súas etapas.</p> <p>Déficit público e débeda pública. O financiamento do déficit público.</p> <p>Os ingresos públicos: cotizacións sociais, tributos e outros ingresos. Impostos directos e indirectos. Impostos progresivos, proporcionais e regresivos.</p> <p>Presión fiscal, estrutura impositiva e fraude fiscal en España.</p> <p>A política fiscal: instrumentos e efectos sobre a demanda e a oferta agregadas.</p>	Tema 10	12
i, l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.1.1.</li> </ul>	<p><b>Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía</b></p> <p>B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.</p> <p>B5.2. Proceso de creación do diñeiro.</p>	<p><b>10. Diñeiro e política monetaria</b></p> <p>O diñeiro. Concepto, funcións e clases. Evolución do diñeiro ao longo do tempo.</p> <p>Tipos de diñeiro. A oferta monetaria e os seus compoñentes.</p>	Tema 11	10

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

*Terceira Avaliación*

Obxectivos	Estándares aprendizaxe	Bloque de contidos	Unidades didácticas: contidos	Relación co libro de texto	Sesións
a, d, h, i, l	▪ ECB5.4.1.	B5.5. Política monetaria: instrumentos.	Creación do diñeiro bancario e o coeficiente de caixa. A política monetaria: instrumentos e efectos sobre a economía. Política monetaria da Unión Europea. O BCE.		
i, l	▪ ECB5.3.1..	B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	<b>11. Sistema financeiro español</b> As funcións do sistema financeiro. Os intermediarios financeiros: funcións e tipos.	Tema 12	8
i, l, a, h, i, l	▪ ECB5.5.1. ▪ ECB5.5.2.	B5.6. Banco Central Europeo. B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.	Os activos financeiros. Novas formas de investimento e financiamento. Os mecanismos básicos da bolsa. Os índices bolsistas. Os tipos de xuro: factores de influencia.		
g, i, l	▪ ECB6.1.1.	<b>Bloque 6. O contexto internacional da economía</b> B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.	<b>12. O contexto internacional da economía</b> internacional. As distintas teorías do comercio internacional. As vantaxes e os inconvenientes do libre comercio. O proteccionismo: medidas. A balanza de pagamentos. Evolución da balanza de pagamentos española.	Tema 13 Tema 14 Tema 15	14
a, i, l	▪ ECB6.2.1.	B6.3. Cooperación e integración económica. B6.4. Unión Europea (UE).	Mercado de divisas e tipos de cambio. Sistemas de fixación de tipos de cambio. Causas e efectos da apreciación ou depreciación dunha moeda. Equilibrio e desequilibrio externos e as súas implicacións na política fiscal e monetaria dun país.		
a, b, h, i, l, p	▪ ECB6.3.1. ▪ ECB6.3.2..	B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación.	Cooperación e integración económica. Organismos internacionais: GATT e OMC, FMI e o Grupo do Banco Mundial. Procesos de integración económica. Proceso de integración da Unión Europea. Políticas económicas máis importantes. A globalización económica e financeira. As causas e consecuencias da globalización.		

O resto de sesións asignadas á materia serán empregadas na realización de probas, actividades extraescolares ou imprevistos.

## 2. Concreción dos estándares de aprendizaxe: criterios de avaliación, grao mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

### ***Ponderación e grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia***

Hai 53 estándares en total, dos que 27 se consideran **básicos**. Estes estándares considerados básicos están subliñados e teñen un peso ou ponderación do dobre.

En principio, para superar a materia hai que demostrar un grao mínimo do **50% de consecución** en cada estándar.

### ***Procedementos e instrumentos de avaliación***

Os procedementos e instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe son os seguintes:

PROCEDEMENTOS:	INSTRUMENTOS:
<p><b>PROBAS ESCRITAS (PE)</b> Faranse un mínimo de dúas probas por avaliación. Serven para avaliar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Os conceptos, procedementos ou actitudes que deben ser reforzados.</li> <li>A organización do propio proceso de ensinanza aprendizaxe.</li> </ul> <p>Tamén serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades.</p>	<p><b>Obxectivas</b>, con preguntas moi concretas. <b>Abertas</b>, con preguntas ou temas nas que o alumno debe construír as respostas. <b>Resolución de problemas.</b></p>
<p><b>ANÁLISE DE PRODUCCIÓNS DOS ALUMNOS (AP)</b> <b>Resumos, esquemas e mapas conceptuais.</b> <b>Producións orais.</b> <b>Traballos de investigación.</b> <b>Comentarios de texto.</b> <b>Exercicios e actividades: test, cuestións teóricas, resolución de problemas</b> <b>Análise de noticias de actualidade</b> <b>Análise de gráficos e mapas,...</b> Poden ser orais ou escritas, en papel ou mediante a Aula Virtual ou o blog da materia. As producións desenvolvidas mediante a aula virtual presentan algunhas vantaxes como a interactividade e a inmediatez de coñecer a cualificación. Poden ser realizados en clase (preferentemente) ou na casa. Poden ser individuais ou en grupo.</p>	<p>Pódese utilizar: listas de control, escalas de observación, fichas de autoavaliación, ficha de traballo individual ou grupal, informes de tarefas,...</p> <p>Serven para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>A calidade, a exposición, a coordinación, o interese, a capacidade crítica e participación en debates e a iniciativa para realizar indagacións.</li> <li>A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos. Ademais da aplicación práctica dos mesmos.</li> <li>A corrección á hora de presentar os traballos e actividades.</li> <li>A busca e selección da información de distintas fontes.</li> <li>A capacidade de síntese e análise.</li> <li>A asistencia e seguimento das unidades didácticas e dos exercicios propostos.</li> </ul> <p>Tamén serven para ensinar ao alumnado a responder ás preguntas.</p>



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

PROCEDEMENTOS:	INSTRUMENTOS:
<p><b>OBSERVACIÓN DIRECTA (OD)</b>            Serve para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A participación activa na clase.</li> <li>• O interese polo traballo.</li> <li>• O uso ordenado do material entregado.</li> <li>• A orde e o método ao realizar as tarefas.</li> <li>• O respecto e tolerancia cos compañeiros.</li> <li>• A coordinación e comunicación nos grupos de traballo.</li> <li>• A creatividade e a expresión das propias ideas.</li> <li>• A capacidade de busca de solucións a problemas.</li> <li>• A asistencia e puntualidade.</li> </ul>	<p><b>Escalas de observación</b>            Por categorías (Sempre, Ás veces, Nunca), numérica (de 1 a 4 ou de 1 a 10) ou descritiva (frases como "Traballa e trae o material pero non toma iniciativas" ou "Suxire ideas e traballa axeitadamente").</p> <p><b>Listas de control</b>            Caracterízase por aceptar soamente dúas características: si ou non, lógrao ou non o logra.</p> <p><b>Rexistro anecdótico</b>            Recollen comportamentos non previsibles que achegan información cualitativa significativa para valorar carencias ou actitudes positivas.</p> <p><b>Diarios de clase</b>            Rexistro das tarefas diarias realizadas en clase.</p> <p><b>Acceso do alumnado aos materiais da aula virtual.</b></p>
<p><b>INTERCAMBIOS ORAIS COS ALUMNOS (IO)</b>            Serve para o seguimento dos avances e dificultades sobre o aprendizaxe dos contidos:</p> <p><b>Preguntas de exploración en clase</b> Serven para informar sobre o dominio dos conceptos por parte do alumnado e a súa capacidade de expresión oral.</p> <p><b>Entrevista, diálogo, posta en común,...</b>O diálogo co alumnado (individual ou en grupo) serven para o seguimento dos avances e as dificultades sobre o aprendizaxe.</p>	<p>Empregarase o diario de clase, listas de control, fichas de coavaliación,...</p> <p>Non é necesario empregar instrumentos se se trata de episodios breves.</p> <p>No caso das preguntas de exploración formuladas polo profesor, levarase unha lista de control. Ten o obxectivo de fomentar a participación na aula e a atención do alumnado.</p>

Feitas estas aclaracións previas, na táboa inferior procederanse a desenvolver os estándares de aprendizaxe avaliábeis, vinculando con cada un cos seguintes aspectos: as unidades didácticas, os criterios de avaliación, os estándares básicos (que aparecen subliñados) e os instrumentos de avaliación a empregar (o reparto entre as producións do alumnado e as probas escritas; a observación directa e os intercambios orais empregaranse para o redondeo da cualificación).

O procedemento de cualificación detállase no [apartado 8](#) desta programación.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	U.D.	Grao mínimo	Ponderación	INSTRUMENTO	
						AP	PE
B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	CAA CMCCT	<u>ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.</u>	1	50%	2	20%	80%
B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	CAA CMCCT	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.		50%	1	100%	
	CCL CMCCT CD	<u>ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.</u>		50%	2	20%	80%
B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.	CSC CMCCT CD	<u>ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.</u>	2	50%	2	20%	80%
	CSC CD CAA	ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.		50%	1	100%	
	CAA CD CSC	ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.		50%	1	20%	80%
B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	CAA CCL CSC	ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia	3	50%	1	20%	80%
B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	CSC CMCCT	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.		50%	1	100%	
	CMCCT CCL	<u>ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.</u>		50%	2	20%	80%
B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	CSIEE CCL	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.		50%	1	100%	
B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias	CSIEE CAA	<u>ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.</u>	50%	2	20%	80%	

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	U.D.	Grao mínimo	Ponderación	INSTRUMENTO		
						AP	PE	
reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	CD CCL	<u>ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.</u>		50%	2	20%	80%	
B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	CD CMCCT	<u>ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.</u>		50%	1	20%	80%	
B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	CMCCT CD	<u>ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.</u>		50%	2	20%	80%	
	CMCCT CD	<u>ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.</u>		50%	2	20%	80%	
B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.	CMCCT CD	<u>ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.</u>		50%	1	20%	80%	
B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.	CMCCT CD	<u>ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.</u>		4	50%	2	20%	80%
	CMCCT CCL	<u>ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.</u>			50%	2	20%	80%
	CMCCT CD	<u>ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.</u>	50%		2	20%	80%	
B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	CMCCT CCL	<u>ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.</u>	5	50%	2	20%	80%	
	CAA CSC	<u>ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.</u>		50%	1	100%		
	CSC	<u>ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.</u>		50%	1	100%		
B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.	CMCCT CD	<u>ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.</u>	6	50%	2	20%	80%	
	CSC CAA	<u>ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.</u>		50%	1	100%		

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	U.D.	Grao mínimo	Ponderación	INSTRUMENTO	
						AP	PE
	CAA CD	ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.		50%	1	100%	
B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.	CD CSIEE	<u>ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.</u>		50%	2	20%	80%
B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.	CSC CD	<u>ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.</u>		50%	2	20%	80%
B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	CMCCT CD CSC CCL	<u>ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país</u>	7	50%	2	20%	80%
	CAA CSC	<u>ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.</u>		50%	2	20%	80%
	CSC	ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.		50%	1	100%	
B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	CMCCT CD	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.		50%	1	20%	80%
	CAA CD	ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.		50%	1	20%	80%
	CD CMCCT	ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analizaas e interpretaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.		50%	1	100%	
B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da	CSC CMCCT CD	<u>ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.</u>	8	50%	2	20%	80%
	CCL	<u>ECB7.1.2. Diferenza os conceptos de crecemento e de</u>		50%	2	20%	80%

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	U.D.	Grao mínimo	Ponderación	INSTRUMENTO	
						AP	PE
riqueza a nivel local e mundial	CMCCT	desenvolvemento.					
	CSC CCL	ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.		50%	1	20%	80%
	CAA CSC CD	ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresa.		50%	1	100%	
	CSC CMCCT	ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.		50%	1	20%	80%
	CSC CAA	ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.		50%	1	100%	
	CSC CMCCT	ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados.		50%	1	20%	80%
	CMCCT CSC	ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.		50%	1	20%	80%
B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica.	CCL CMCCT	<u>ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.</u>	9	50%	2	20%	80%
	CSC CMCCT CD	<u>ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.</u>		50%	2	20%	80%
B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica.	CAA CMCCT CD	<u>ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</u>		50%	2	20%	80%

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

Criterios de avaliación	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe	U.D.	Grao mínimo	Ponderación	INSTRUMENTO	
						AP	PE
B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden		<u>ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.</u>	10	50%	2	20%	80%
B5.4. Analizar os tipos de política monetaria.	CAA CMCCT CSC	<u>ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.</u>		50%	2	20%	80%
B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	CAA CSC CD	ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforo ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	11	50%	1	20%	80%
B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.	CSC CMCCT CD	<u>ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, eazona sobre o seu papel e o seu funcionamento.</u>		50%	2	20%	80%
	CMCCT CCL	ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.		50%	1	20%	80%
B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúaseconomías.	CSC CCL CMCCT	<u>ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.</u>	12	50%	2	20%	80%
B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.	CSC CCL	<u>ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.</u>		50%	2	20%	80%
B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.	CSC CCL	ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.		50%	1	20%	80%
	CAA CD CMCCT CSC	ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.		50%	1	100%	

### 3. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Teranse en conta o rendemento do alumnado en todos os estándares de aprendizaxe previstos, tendo en conta os procedementos da avaliación descritos con anterioridade.

Cualificación cuantitativa						
<b>Probas escritas</b>	<p>Faranse dúas ou tres probas escritas de contidos teórico-prácticos por avaliación.</p> <p>As cuestións teóricas serán preguntas curtas e haberá polo menos unha pregunta de desenvolvemento na que a claridade de exposición e a capacidade de síntese será moi valorada. A través da redacción o alumnado deberá mostrar os coñecementos teóricos e o grao de comprensión dos contidos, a capacidade para expoñelos de con rigor e propiedade, a axeitada utilización dos termos económicos aprendidos, así como a emisión de xuízos persoais e valoracións críticas debidamente argumentados.</p> <p>Na resolución de casos prácticos e exercicios deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno.</p> <p>Número de probas e datas previstas:</p>					
	Primeira avaliación:		Segunda avaliación:		Terceira avaliación:	
	<i>Finais de outubro</i>	Unidade 1e 2	<i>Finais de febreiro</i>	Unidade 5 e 6	<i>Finais de abril</i>	Unidade 8 e 9
<i>Finais de novembro</i>	Unidade 3	<i>Finais de marzo</i>	Unidade 7	<i>Finais de maio</i>	Unidade 10 e 11	
<i>Finais de decembro</i>	Unidade 4			<i>Finais de xuño</i>	Unidade 12	
<b>Producións do alumnado</b>	<p>O profesor indicará a data de entrega das actividades e <b>non serán admitidas en datas posteriores salvo casos de forza maior</b>. Valorarase o desenvolvemento das ideas expostas, a claridade e precisión, o grao de comprensión acadado ou a orixinalidade.</p>					
<p><b>Valoración da expresión escrita:</b></p> <p>Nas probas e actividades, presentados en papel ou na aula virtual farase referencia expresa á valoración da expresión escrita. En principio, réstase 0,25 puntos por cada erro ou inadecuación grave e 0,05 por un leve, pero se o alumno mellora a expresión escrita ao longo do curso, recuperará a súa cualificación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>└ <b>Ortografía e puntuación.</b> Os erros de acentos descontarán 0,1 punto cada un e as faltas de ortografía ou de expresión, 0,2 puntos cada unha.</li> <li>└ <b>Vocabulario</b> amplo. Usar con propiedade do vocabulario técnico específico da materia.</li> <li>└ <b>Construción sintáctica.</b> Manter unha sintaxe correcta e variada na construción das frases e usar nexos variados.</li> <li>└ <b>Caligrafía:</b> letra coidada, clara e lexible.</li> <li>└ <b>Presentación e limpeza.</b> Deixar marxes, liñas rectas, numerar as páxinas, separar os parágrafos, ...</li> </ul>						
<p>Empregar calquera medio coa intención de enganar a o profesor por parte dun alumno, tanto en probas escritas como actividades supón un suspenso en dita proba ou actividade.</p>						
<p><b>Seguimento diario en clase (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa)</b></p>						
<p>Para <b>propiciar a asistencia, a atención na clase e a participación</b> do alumnado, <b>levarase un rexistro diario de seguimento no que se anotarán:</b></p> <p><b>Positivos</b> (+0,1 normalmente pero pode ser máis).</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Responder correctamente ás <b>preguntas de exploración orais</b> formuladas polo profesor na clase.</li> </ol>						

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

Durante a exposición dos contidos da unidade, o profesor realizará **preguntas de exploración** relacionadas co tema e adaptadas ao nivel da clase. Pedirá voluntarios. Selecciónase ao alumno que debe responder. Se o fai correctamente consegue un **positivo**, no caso contrario pregúntase a outro.

2. Achega **construtiva** ao desenvolvemento da clase: preguntas, comentarios, anécdotas,... pertinentes ao tema que se estea a tratar.
3. Comentar **noticias de actualidade** ao comezo da clase que garden relación cos contidos que se estean a estudar.

**Negativos** (-0,1 normalmente):

1. **Interromper ao** profesor mentres está a explicar ou interromper o normal desenvolvemento da clase.
2. Manter un **comportamento inadecuado** contrario ás normas de convivencia do centro.
3. **Non traballar nas actividades asignadas.**

### CUALIFICACIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE AVALIACIÓN

Calcúlase a media ponderada dos instrumentos para cada estándar, segundo o descrito no [apartado 5](#) desta programación. Se non se puideran realizar as actividades nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar (en todo ou en parte) a valoración das probas escritas. É dicir, podería ser dunha ponderación do 100%, 90%, ... para as probas escritas. O alumnado sería informado con antelación.

### CUALIFICACIÓN DUNHA AVALIACIÓN

Calcúlase a media dos estándares segundo a súa respectiva ponderación, detallada no [apartado 5](#). Así obtense unha cualificación previa. Aínda que o grao mínimo de consecución de cada estándar é do 50%, **admitirase unha consecución do 40%** nalgún estándar **se a media ponderada é de 5 ou superior**.

A **cualificación por avaliación** é numérica sen decimais, do 0 ao 10. Por iso, despois de calcular a cualificación previa, será necesario realizar un **redondeo**. Este, realizarase en función da actitude no trimestre: a actitude activa ou pasiva na clase, a participación, a regularidade ao longo do trimestre, o respecto ás normas de convivencia, a puntualidade, a colaboración co grupo, a participación nas actividades complementarias que se organicen,... segundo o rexistro do seguimento diario.

Para aprobar UNHA AVALIACIÓN é imprescindible obter un mínimo de **5 puntos**.

### RECUPERACIÓN E REFORZO

Ao alumnado que o requira, facilitaránselle **actividades de recuperación e reforzo** que poderán consistir en:

- Realizar traballos, cuestionarios, prácticas, exposicións, informes,... sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.
- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realizar unha proba de recuperación de avaliación e/ou unha proba final en xuño.

**Para subir nota**, o alumnado poderá presentarse á proba de recuperación. Con esta proba **só poderán mellorar** a súa cualificación.

**Só será necesario realizar a recuperación dos estándares nos que non se acade o grao mínimo de consecución. Porén, non será necesario recuperar estándares nos que se obtivo un 4 ou máis, se a media con outros é de 5 ou superior.**



### RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA

As faltas de asistencia **xustificadas** darán lugar ao dereito de repetir actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega. De **non se xustificar**, esa actividade será avaliada cun cero.

Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

A **CUALIFICACIÓN FINAL** do curso obterase aplicando os mesmos criterios que nunha avaliación, pero tendo en conta todos os estándares da materia segundo a súa valoración relativa.

O redondeo farase segundo ao longo de todo o curso segundo os criterios descritos con anterioridade.

### PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria realizarán unha **proba única extraordinaria** no mes de **setembro**.

Así mesmo, o día de celebración da proba extraordinaria de setembro poderase esixir a presentación dos traballos que se asignen a cada alumno suspenso no mes de xuño co obxectivo de desenvolver algúns dos procedementos que quedaron pendentes ao longo do curso. A valoración destes traballos será coñecida polo alumnado en xuño.

### PROMOCIÓN

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliábeis básicos acadados e na madureza do alumno.

## 4. Seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

---

Ao comezo do curso, o xefe do Departamento porase en contacto co alumnado con a materia pendente para informarlle sobre o procedemento a seguir.

Haberá tres probas parciais e, de ser necesario unha proba final en xuño. O calendario de probas será comunicado ao alumnado (habitualmente na primeira semana de novembro, na primeira semana de febreiro e na primeira semana de abril). A final será en xuño.

Será imprescindible presentar as actividades de recuperación para poder presentarse ás probas parciais. Estas actividades serán entregadas ao alumnado pendente para a resolución e presentación **nas datas indicadas** antes e cada proba (salvo causa de forza maior, nas que se entregarán ao seguinte día lectivo).

As probas parciais desenvolveranse segundo as actividades de recuperación.

O profesor pode considerar que parte dos contidos queden avaliados con estes traballos.

O alumnado pendente de Economía terá á súa disposición un curso na aula virtual onde poderán consultar dúbidas e contactar co profesor.

Non está previsto, á data de envío desta programación, ningún alumno con esta materia pendente.

### **CONTIDOS A DESENVOLVER NAS PROBAS:**

#### PRIMEIRA PROBA

**ECONOMÍA.** O concepto de economía e de actividade económica. O concepto de custo de oportunidade e a fronteira de posibilidades de produción. O conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas. Clases de bens e servizos.

**AXENTES.** Os axentes económicos e as súas funcións. O fluxo circular da renda na Economía.

**SISTEMAS ECONÓMICOS:** Concepto de sistema económico. Como se toman as decisións: as 3 preguntas básicas. O papel do estado. Como é a propiedade. O noso sistema económico actual, diferenzas e similitudes con outros sistemas económicos.

Xustificación da intervención do estado na economía.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA

**PRODUCCIÓN.** O proceso de produción e os seus elementos. Os factores produtivos. As unidades de produción e de consumo. A división do traballo. Eficiencia técnica e eficiencia económica. A función de produción e os rendementos decrecentes. A produtividade. Os custos de produción na empresa. Tipos de empresa segundo distintos criterios. A responsabilidade social corporativa. A concentración empresarial. Os sectores económicos. A agrupación sectorial das unidades produtivas.

**OFERTA E DEMANDA.** Factores condicionantes. Movementos en e das curvas. Representación gráfica. A determinación da produción e o prezo de equilibrio. Situacións de equilibrio e de desequilibrio. A elasticidade. Distintas características das estruturas de mercado: competencia perfecta, competencia monopolística, oligopolio e monopolio.

**MERCADO DE TRABALLO.** A poboación activa, parada e ocupada e a súa distribución entre os sectores económicos. Formas de medir a cifra de parados, Taxas de paro e de actividade. Clases de desemprego.

## SEGUNDA PROBA

**MACROMAGNITUDES.** Principais magnitudes nacionais e indicadores dunha Economía.

**FALLOS DE MERCADO.** Tipos de fallos do mercado. Externalidades e bens públicos.. Funcións do sector público e instrumentos de intervención

**POLÍTICA FISCAL:** Tipos, instrumentos e consecuencias. O orzamento público. Déficit e débeda.

**INFLACIÓN:** concepto, causas e consecuencias. O Índice de Prezos ao Consumo (IPC). Taxas de variación.

**DIÑEIRO:** concepto e funcións. A creación do diñeiro bancario. O coeficiente de caixa. A oferta monetaria. O sistema financeiro español (intermediarios bancarios e non bancarios).

**POLÍTICA MONETARIA.** O euro. O BCE e o Banco de España. Tipos de política monetaria e os seus instrumentos e consecuencias.

**RELACIÓNS COMERCIAIS INTERNACIONAIS.** Obstáculos ao libre cambio. A Balanza de pagamentos. O mercado de cambio (formas de determinar o tipo de cambio).

## 5. Información ao alumnado e ás familias

Esta programación será obxecto de información ás familias e ao alumnado, polas seguintes vías:

Esta información farase polas seguintes vías:

- Explicación nos primeiros días de clase, na presentación da materia.
- Publicación no taboleiro da aula.
- Publicación na páxina web do centro, no apartado correspondente ao Departamento de Economía.

A información publicada será un resumo, constando os seguintes apartados:

Apartados do resumo:	Apartados desta programación:
Que imos estudar?	Contidos, no <a href="#">apartado 4</a>
Que ides aprender?	Criterios de avaliación, no <a href="#">apartado 5</a>
Que tedes que saber e como o ides demostrar?	Estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación, no <a href="#">apartado 5</a>
Cal é o mínimo esixible?	Grao mínimo de consecución, no <a href="#">apartado 5</a>
Como se vai avaliar e cualificar?	Procedemento de avaliación e criterios de cualificación, no <a href="#">apartado 8</a>
E se tedes que recuperar?	Procedementos de recuperación, no <a href="#">apartado 8</a>
Plan de atención a pendentos	<a href="#">Apartado 10</a>

O profesor

Abel Alonso Álvarez